

Escola hospitalaria, unha xanela aberta

Pilar Porta Rodríguez

Aula Hospitalaria Arquitecto Marcide, Ferrol

pilarporta@edu.xunta.es

Cantas preguntas me fixen cando decidín comezar o traballo na aula hospitalaria!, cantas dúbidas e inseguridades...! Daquela, talvez o único que tiña claro era que, dadas as circunstancias nas que ía desenvolver o meu labor, había que darlle un enfoque persoal e próximo. Porque, que é unha aula hospitalaria? Trátase dun espazo educativo dentro do propio hospital, o que significa que a tarefa é moi diferente á que se fai nun centro convencional.

É posible que nalgún aspecto se asemelle ás escolas unitarias do rural: nos dous casos asisten rapaces de distintas idades... Mais estes non veñen dende a súa casa. Desprázanse dende a súa planta de pediatría, a súa habitación, a súa cama... Para eles as circunstancias son difíciles, pero, aínda que pareza increíble, cando estamos na escola, durante esas horiñas nas que contamos un conto, facemos un debuxo, ou un simple quebracabezas, os problemas esvaécense e os pais collen folgos. Polo menos a min, así mo parece.

Cada día aquí é unha sorpresa e cada actividade está sempre condicionada polas doenzas dos alumnos. As vías e as cadeiras de rodas limitan os movementos duns nenos aos que o corpo lles pide correr. Inclusive algúns non poden vir porque deben permanecer nas súas camas.

A estes véxoos no cuarto, a onde lles levo un anaco de fantasía: materiais educativos, contacontos, etc.

Existen diferenzas moi marcadas en función da doenza que padecen, pero todos, tamén en maior ou menor medida, comparten a sombra emocional, un mal que non se ve tan claramente como o físico, pero que está.

Todo aquí é distinto. Todo, salvo os rapaces, que seguen sendo rapaces, que preguntan sobre todo. Tamén teñen curiosidade pola súa enfermidade. E falamos. As operacións planificadas adoitan ser tema de conversa antes das intervencións cirúrxicas. As urxentes abórdanse *a posteriori*. Cremos que é necesario preparar o neno para afrontar a súa afección. De aí que lle ofrezamos información sinxela e directa, sempre axustada á súa idade e dende un enfoque educativo, social e psicolóxico.

As vías e as cadeiras de rodas limitan os movementos duns nenos aos que o corpo lles pide correr

Falamos coas familias sobre a nosa escola e, se non informaron o fillo do motivo do ingreso, ofrecémoslle a posibilidade de facelo dende a aula. Non é difícil entender que cada día hai movemento de alumnos. Por este motivo comezamos a mañá no recuncho de lectura, no que me presento eu, logo os alumnos máis veteranos, e finalmente os rapaces novos. Explicamos brevemente o motivo polo que cada un de nós cre que está alí, a partir deste momento xorde unha morea de preguntas e respostas, que independentemente do grao de participación lles axuda a asumir o seu problema.

Os valores, sobre todo a educación para a saúde, atinxen un significado especial. En realidade temos moi en conta o currículo, pois un dos nosos obxectivos é conseguir que o neno hospitalizado continúe a súa formación e, cando acabe a doenza, consiga incorporarse nas mellores condicións posibles ao seu curso normal. Non obstante, a realidade esíxenos unha maior flexibilización e unha atención preferente ás dimensións psicoafectivas que derivan directamente da situación de ingreso.

Ao principio as familias pensan que a escola hospitalaria é un centro educativo como calquera outro, pero a concepción adoita variar cando a utilizan, cando ven as características dos cativos e as necesidades tan diferentes que presenta cada un deles.

Os días son moi, moi longos no hospital, tanto que non queda outro remedio que abordar tamén o horario de tarde, cunha oferta menos curricular e máis enfocada cara a esoutra educación: a non formal. Neste sentido os retos acadados o curso pasado téñenme reportado unha enorme satisfacción. Sei que aínda queda moito por facer, pero nese camiño estamos.

